

BARUCH SPINOZA

Biografía:

Baruch Spinoza naceu en Ámsterdam o 24 de novembro de 1632. Foi un dos principais pensadores da ilustración, da crítica bíblica moderna (estudo académico da Biblia usando métodos históricos, literarios...) e do racionalismo do século XVII. Recibiu unha educación relixiosa, pero comezou a desenvolver ideas filosóficas influenciadas por Descartes. As súas opinións sobre a relixión fixeron que fora expulsado da comunidade xudía de Amsterdam, quedando así, illado da súa comunidade. Así que despois viviu gañándose a vida como pulidor de lentes e rechazou cargos académicos importantes para protexer a súa liberdade de pensamento e expresión. Moitas das súas obras foron polémicas e por iso publicáronse de maneira anónima: *Tratado teolóxico-político*.

Obra:

Baruch Spinoza foi un filósofo racionalista que argumentaba que a razón era a mellor maneira de comprender a realidade. Os seus pensamentos influíron moito na filosofía moderna e centráronse na liberdade, a natureza e o coñecemento.

A súa obra máis importante é a *Ética*. Neste libro, explica que Deus e a natureza son un e o mesmo, unha idea coñecida como panteísmo. Para Spinoza, todo o que existe segue as leis naturais e nada ocorre por casualidade. Tamén cría que as persoas pensan que son libres, pero en realidade, a miúdo están dominadas polas súas emocións e desexos. Segundo el, só usando a razón podemos comprender as nosas emocións e lograr unha vida máis pacífica e feliz.

Outra obra importante é o *Tratado teolóxico-político*. Nel, defendeu a liberdade de pensamento e criticou a intolerancia relixiosa. Cría que a relixión non debería controlar a política e que todos deberían ter dereito a pensar e expresarse libremente.

En xeral, Spinoza defendía unha cosmovisión racional, baseada no pensamento crítico e na idea de que comprender a realidade axúdanos a vivir máis libremente.

Porque é importante para a filosofía:

Spinoza cambiou a forma de entender a Deus, a natureza, a liberdade e a ética, converténdono nun dos pensadores máis influíntes da filosofía moderna.

- Nova idea de Deus e a realidade: propuxo que Deus e a natureza son a mesma realidade (panteísmo, eliminando a idea dun Deus persoal que intervéñ no mundo). Para Spinoza todo o que existe forma parte dunha única substancia
- Ética baseada na razón: na súa obra a *Ética* fala sobre como se pode vivir usando a razón e non a relixión, pois para el, a felicidade consistía en entender a realidade e aceptar a súas leis naturais.
- Defensa da liberdade de pensamento: Defendeu que as persoas podían pensar e expresarse libremente nunha época dominada pola relixión. Isto foi unha idea moi avanzada e polémica para o seu tempo.
- Determinismo: Spinoza sostiña que todo ocorre por algo. Aínda que isto cuestionaba o libre albedrío, pero por iso propuxo unha forma distinta de liberdade, que era non actuar sen causa, senón entender por qué actuamos.
- Influencia: foi moi influínte a filósofos como Hegel, Nietzsche e científicos como Einstein.

Silvia Sánchez Rodríguez
Noelia Lago Montero
1º BACH A